


De rota raposa

Un recital multimedia de Silvia Penas e Samuel Merino



Deseño da imaxe: Verónica Durán

De rota raposa é unha **sorte de manifesto antiespecista, antipatriarcal e deliberadamente irracional** para que a reflexión logocéntrica se manteña na beira do camiño e facer das marxes unha rota alternativa, cando non principal. Pel e palabra fúndense e confúndense como o fan o poema e o corpo neste recital que é unha peza escénica pero que é un recital pero que é unha peza escénica. Partindo da súa obra poética, Samuel Merino e Silvia Penas constrúen un universo conxunto, creado especificamente para abrialle outros camiños á palabra e á voz, un lugar de brillo para a cicatriz ou un espazo sen lindes no que permanecer fóra de perigo, mais sen ser alleas á atrocidade na que vivimos inmersas.

A poesía vólvese, en De rota raposa, unha arma crítica e un reducto dende o que contemplar a beleza e convertela nun estandarte de reivindicación.

Necesidades técnicas:

- 2 micros de diadema
- Unha PA
- Mesa de son
- Prolongador e tomas de corrente eléctrica

Iluminación:

Posibilidade de escuro total, luz xeral e luz de público.

Espazo escénico:

Adaptable a todo tipo de espazos, preferentemente interiores.

Público obxectivo:

Apta para todos os públicos a partir dos 13 anos.



Samuel Merino, Mos (Pontevedra, 1982), é un creador que desenvolve o seu labor arredor dunha poética que leveda na súa formación filosófica (Licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela) e mais na súa formación e experiencia no eido das artes escénicas.

As súas obras, de marcado carácter reflexivo, adoitan tomar corpo na oralidade secundaria dos recitais e en breves presentacións que transitan os camiños do teatro e a performance. Tal é o caso de *Mudar a pel* (2018) e *Vida útil da porcelana - en cocreación coa poeta Silvia Penas* (2023) - que vén de gañar o II PREMIO PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR. GALIZA- PORTUGAL. Seguindo esta liña, entre a súa obra literaria publicada, destacan:

- *Guantanamera. Poema nun só acto* (Editora Urutau. 2021)
- *Con esta hoz / Con esta fouce* (Disbauxa Editorial. 2023)
- *Claustro Corda Comensal* (Editorial Galaxia. 2023)

Participa desde hai anos en diversos programas de divulgación da lingua galega e recitais en diversos centros de educación secundaria e clubs de lectura en toda Galiza, así como en varios festivais de poesía e artes escénicas como:

- Festival de Teatro **Vigo en Bruto** (Vigo, 2018)
- **Non quero rosas**. Festival de Música e Artes Loro Facu (Miño- A Coruña, 2019)
- **Festival Internacional de Poesía Irreconciliables** (Málaga, 2020)
- **Festival Internacional de Artes BINNAR** - canda ao Colectivo Límites - (Vila Nova de Famalicão. Portugal, 2021)
- **Non quero rosas**. Festival de Música e Artes Loro Facu (Miño- A Coruña, 2021)
- Festival de Poesía Performática **Poesía enRiba** (Ourense, 2021)
- **Imos ter máis que palabras. Festival de Arte e Poesía Explícita** (Ourense, 2021)
- **Imos ter máis que palabras. Festival de Arte e Poesía Explícita** (Ourense, 2022)
- **Festival USCénica** - canda ao Colectivo Límites - (Santiago de Compostela, 2022)
- Intervención no **Curso de Literatura galega do século XXI**: poesía e teatro da Facultade de Filosofía, Letras e Ciéncias Humanas da Universidade de São Paulo (2023)
- **Non quero rosas**. Festival Loro Facu (Miño- A Coruña, 2023)
- **Contenedor Cultural UMA Universidad de Málaga** (Málaga, 2023)
- **Festival de Poesía Alguén que respira** (Santiago de Compostela, 2024)
- Programa **#EnRedandocogalego** (Lugo, 2024)
- **Versos na Barraca** (Lugo, 2024)
- **Poemagosto** (Allariz, 2024)

Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey XIII ed. (2025) pola súa obra *Manual de Camuflaxe*.



Silvia Penas (Vigo, 1980), poeta e performer. O seu traballo ten como punto de partida a creación de textos, cunha forte vocación de indagar na poesía escénica e outros formatos de poesía efémera e expandida, de incorporar a palabra poética ao corpo a través da voz. Investiga noutros modos de dicir o poema, confiando en que ese “dicir” conteña unha capacidade mobilizadora cara á acción e á reflexión.

Comeza a súa andadura poética no colectivo Redes Escarlata. Despois de gañar algúns premios e accésits con series de poemas, publica por primeira vez un libro no ano 2010 cando sae á luz o poemario *Biografía da multitude*, creado en coautoría con Elvira Riveiro, co que obtiveron o **Premio Victoriano Taibo**. Máis tarde aparecerá *As uñas crecen*, poemario gañador do **certame Manuel Lueiro Rey de Poesía** ao que lle segue *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, **Premio de Poesía Avelina Valladares**. *Fronterira Paraíso* é o seguinte poemario, artefacto que contén fotografías de Jesús Andrés Tejada e un disco homónimo a cargo de Cintaadhesiva. Posteriormente aparece en lingua portuguesa o libro de poemas *O resto é céu*. O poemario *Retratos de vodas, partos e funerais* foi galardoado co **Premio Follas novas 2024** ao mellor libro de poesía publicado en galego do ano 2023 e o **premio Aritmar (Galiza e Portugal) ao mellor poema** por “*Canto segundo para un fillo non nado*” incluído no mesmo libro. Tamén no 2024 graña o **Premio de Poesía do Concello de Carral** pola súa obra *A pel do exilio*.

No ámbito da poesía expandida cabe destacar a formación anteriormente citada **Cintaadhesiva (poesía, música e electrónica e videoarte)**, da cal é cocreadora, xunto ao músico e videocreador Jesús Andrés Tejada.

Participou na elaboración colectiva da peza teatral *Sofía e as Postsocráticas* da compañía Inversa Teatro, onde se inclúen textos da súa autoría e é actriz principal.

Ao longo dos últimos anos ten realizado proxectos escénicos e poéticos en solitario e tamén colaborativos como membro do **Colectivo Límites**, coa **Orquesta Clásica de Vigo**, e con outras entidades e formacións.

+ info <https://www.silviapenas.com>